

## Departamento de Física e Química. Curso 2023-24

### Procedementos e instrumentos de avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Formación Profesional Básica (FPB) e Bacharelato (BAC)

O seguinte cadro recolle, de xeito orientativo, unha serie de procedementos e instrumentos empregados na avaliación das materias que imparte o Departamento de Física e Química coa finalidade de facilitar ó alumnado e ás familias a comprensión de certas cualificacións numéricas, pero en ningún caso substitúe nin complementa os apartados da programación didáctica correspondente:

Apartado 3.3. Avaliación da unidades didácticas.

Apartado 5.2. Criterios de cualificación e recuperación.

Aqueles que desexen unha información máis exhaustiva poden acudir ó centro, previa cita, para consultar a programación.

<b>Observación sistemática</b>	<b>ESO/FPB 20 %</b>	a) Atención, traballo, tarefas de repaso solicitadas e participación (10%) b) Controis periódicos de atención en clase (10%)
	<b>1º BAC 20 %</b>	Controis periódicos de atención en clase e/ou tarefas solicitadas
	Os controles periódicos de atención en clase consisten en pequenas probas (ESO/FPB 10 minutos e en 1ºBAC 20 min máximo de duración) nas que se pide un exercicio básico relacionado cun concepto concreto que se está a explicar eses días.	
	<b>2º BAC 10-0*</b>	Realización de tarefas encomendadas como a resolución de exercicios de repaso
<b>Probas específicas</b>	<b>ESO/FPB 60-80*</b>	Controis de avaliación: está previsto realizar dúas probas, unha cara a metade da avaliación e outra ó final, en calquera caso poderá fraccionarse algunha das probas para facilitar a avaliación do alumnado pero, como mínimo realizarase unha proba por trimestre.
	<b>1º BAC 70-80*</b>	Suporá un 60 % da nota final, podendo chegar ata o 80 % na ESO e en 1º Bacharelato, ou ó 90 % en 2º Bacharelato no caso de que, por determinadas circunstancias, non se lle pida ningún tipo de traballos ós alumnos, ou ben que o número de traballos non sexa suficiente para que estes supoñan o 20 % sobre a cualificación final da avaliación na etapa da ESO, e un 10% en bacharelato como está previsto para as producións do alumnado.
	<b>2º BAC 80-100*</b>	
<b>Produccións do alumnado</b>	<b>ESO/FPB 20-0*</b>	Prácticas de laboratorio, prácticas virtuais, traballos monográficos (busca de información, biografías, pequenas investigacións, análise de datos mediante follas de cálculo) que poden realizarse como informes escritos, informes dixitais ou mediante presentacións orais, realización de proxectos-maqueta,...
	<b>1º BAC 10-0*</b>	
	<b>2º BAC 10-0*</b>	

\* As porcentaxes das Probas Específicas e das Producións do Alumnado (que se avaliarán mediante as rúbricas do apartado 2 da programación) están vinculadas, e poden oscilar dependendo de que se pidan máis ou menos producións, da súa relevancia ou de que non se pida ningún traballo nun trimestre. Neste último caso, a nota das Producións do Alumnado recaería sobre as probas escritas